

EPAPU EDUARDO PONDAL

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Profesora: María del Pilar Maceiras Neira

**BREVE GUÍA DA MATERIA DE PSICOLOXÍA DE 2º DE BACHARELATO
SEMIPRESENCIAL**

A presente guía ten carácter orientativo (non acabado) polo que poderá estar suxeita a modificacións en función da dinámica do curso académico. É aconsellable, pois, dirixirse á profesora para informarse dos posibles cambios que poidan producirse atendendo a circunstancias varias tales como a heteroxeneidade e ritmo de aprendizaxe do alumnado.

1. METODOLOXÍA

Para poder comprender os contidos da materia de Psicoloxía é moi importante asistir regularmente a clase. Ademais o alumnado debe traballar pola súa conta para reforzar os coñecementos adquiridos na aula. Nas titorías de orientación poderán consultarse as dúbidas que suscite o estudo da materia.

2. MATERIAIS E RECURSOS.

- **Apuntamentos (material principal):** A profesora colgará na Aula Virtual con antelación suficiente apuntes- resumos de cada unidade didáctica, así como tarefas e exercicios para reforzar a interiorización dos contidos.
- **Materiais de apoio entregados ou aconsellados presentados nas titorías lectivas ou a través da Aula Virtual.**
- **Recursos bibliográficos** para aquel alumnado que desexe afondar voluntariamente nalgunha temática do seu interese.

3. TEMPORALIZACIÓN E CONTIDOS POR AVALIACIÓN

- **CONTIDOS 1ª AVALIACIÓN.**
- **UNIDADE 1. A PSICOLOXÍA COMO CIENCIA.**
 1. As orixes da psicoloxía: a herdanza da filosofía.
 2. O nacemento da psicoloxía como ciencia.
 3. Principais enfoques da psicoloxía actual.
 - . Enfoque condutista

- . Enfoque cognitivo.
- . Enfoque psicodinámico.
- . Enfoque humanista.
- 4. Principais ramas da psicoloxía básica e da Psicoloxía aplicada.
- 5. Técnicas de investigación en Psicoloxía.

- UNIDADE 2. O HOME E O SEU MUNDO.

1. Estrutura psíquica do home.
2. Natureza e cultura no ser humano.
3. Base biolóxica da conduta humana.
4. Base social do comportamento humano.

- UNIDADE 3. SENSACIÓN, PERCEPCIÓN E ATENCIÓN COMO PROCESOS COGNITIVOS BÁSICOS.

1. Sensación e percepción.
2. Percepción e teorías sobre a percepción.
 - . Escola Asociacionista.
 - . A Gestalt.
 - . Teorías Cognitivas.
3. Leis gestálticas da percepción.
4. Factores individuais e sociais que inflúen na percepción.
5. Trastornos perceptivos: agnosia, ilusións e alucinacións.
6. A atención.

- UNIDADE 4. A MEMORIA, PROCESO COGNITIVO BÁSICO.

1. Definición de Memoria.
2. Procesos básicos da Memoria.
3. Estrutura e funcionamento da Memoria. Tipos.
 - . Memoria Sensorial (MS)
 - . Memoria a curto prazo (MCP)
 - . Memoria a longo prazo (MLP).
4. Recuperación da información. O recordo.
5. O Esquecemento e as súas causas. Teoría do desuso. Teoría da interferencia. Teoría da motivación.
6. Distorsións e alteracións da memoria.

• **CONTIDOS 2ª AVALIACIÓN.**

- UNIDADE 5. PROCESOS COGNITIVOS SUPERIORES: A APRENDIZAXE.

1. Diferencias entre conduta instintiva e aprendida.
2. As condutas innatas.
3. A conduta aprendida
4. Condicionamento clásico: Pávlov.

5. Aprendizaxe por ensaio-erro: Thorndike e Skinner.
6. Aprendizaxe Social: Bandura
7. Teoría da Aprendizaxe Significativa : Ausubel .

- UNIDADE 6. PROCESOS COGNITIVOS SUPERIORES: INTELIXENCIA E PENSAMENTO.

1. Que é a intelixencia? Distintas acepcións.
2. O desenvolvemento da intelixencia e do pensamento segundo Piaget.
3. As intelixencias múltiples: Gardner.
4. A intelixencia emocional: Goleman.

- UNIDADE 7. CONSTRUCCIÓN DO SER HUMANO I: MOTIVACIÓN E AFECTIVIDADE.

1. Papel da Motivación.
2. Clasificación dos motivos.
3. As Teorías sobre a motivación.
4. A Frustración. Respostas á frustración.
5. Herdanzas e aprendizaxe dos afectos. Teorías sobre a Emoción.
6. Comunicación emocional: linguaxe verbal e non verbal.

• **CONTIDOS 3ª AVALIACIÓN.**

- UNIDADE 8. CONSTRUCCIÓN DO SER HUMANO II: PERSONALIDADE

1. A personalidade e os seus compoñentes.
2. Teorías da personalidade:
 - 2.1. Teorías Psicolodinámicas. A psicanálise de Freud.
 - 2.2. Teorías Cognitivas da personalidade. A teoría Da aprendizaxe de Bandura.
 - 2.3. Teorías dos trazos e os tipos: Allport, Eysenck e Big Five.
 - 2.4. Teorías Humanistas da personalidade: Rogers.
3. Trastornos da personalidade: características e tipoloxía.

- UNIDADE 9. PSICOLOXÍA SOCIAL. PENSAMENTO, CONDUCTA E INFLUENCIA SOCIAL.

1. Obxecto de estudo da Psicoloxía Social e métodos de investigación.
2. Cultura e Socialización.
 - 2.1. O ser humano é un ser cultural, un ser Aberto ao mundo.
 - 2.2. Características da Cultura.
 - 2.3. O proceso de Socialización.
3. A construción social das actitudes.
 - 3.1. Definición de Actitude.
 - 3.2. Características e componentes das actitudes.

- 3.3. A formación de actitudes.
- 4. Actitudes ante a Diversidade Cultural: Etnocentrismo, Relativismo cultural e Interculturalismo.
- 5. A influencia social: conformidade e obediencia.
- 6. As relación sociais.
 - 6.1. Agresión e teorías sobre a agresión
 - 6.2. A conduta altruísta.

4.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

- **EXAMES/ PROBAS ESCRITAS.**

Ao final de cada avaliación o alumnado deberá realizar unha proba escrita (exame) que reflicta o seu dominio dos contidos impartidos. Haberá tres exames “oficiais” que se corresponderán coas tres avaliacións do curso. Os exames constituirán o 80% da nota, e o 20% á realización das demais tarefas. Os exames realizaranse en consonancia coa programación e referiranse ás unidades didácticas obxecto da proba. Poderán realizarse varios parciais nunha mesma avaliación se así o acordan alumnado e profesora. A nota media só se realizará cun 4 ou máis de 4 nalgunha das probas. O aprobado sitúase no 5. Pode haber distintos modelos de exame, e o seu enunciado recollerá os criterios de puntuación. O alumnado que non se presente ou non supere algunha das tres avaliacións poderá presentarse á proba final fixada polo centro para recuperar a materia. As probas escritas consistirán en responder a cuestións referidas ás unidades obxecto de exame, combinando distintas formulacións: test, preguntas-tema para desenvolver, análise de textos con preguntas guía... Neles valoraranse os coñecementos, redacción, argumentación, claridade expositiva e ortografía. Tanto para obter a nota de cada trimestre (sumando os parciais, se os hai) como a nota final do curso (sumando as notas das tres avaliacións) farase a media aritmética, sempre e cando a cualificación non sexa inferior a 4. Cando a nota do exame ou avaliación sexa inferior a 4 non fará media e haberá que recuperar. O exame final será de recuperación das avaliacións que cada alumna/o teña pendente/s, agás que na avaliación obtivera unha cualificación mínima de 4 e a media das tres avaliacións permita obter un 5.

- **ACTIVIDADES, TAREFAS E EXERCICIOS.**

Durante o curso a profesora colgará na Aula Virtual actividades e exercicios de reforzo sobre contidos das unidades didácticas que integran a materia, así como tarefas de reflexión e investigación. A súa correcta realización supón ata un 20% da nota de avaliación sempre que as probas escritas alcancen un 4 ou máis de 4.

Na **proba extraordinaria de xuño** formularanse varias cuestións do conxunto do temario, sendo o aprobado o 5. Todas as probas escritas que se realicen ao longo do curso recollerán a puntuación máxima que se pode acadar en cada cuestión.

A Coruña. 8 de setembro 2025.